



RSS coa predición de localidades

O documento que se presenta a continuación pode servir de referencia documental para calquera dos RSS coa predición de localidades dispoñibles na páxina web de MeteoGalicia e que se corresponden coas localidades seguintes:

A Coruña	O Barco	Santiago
Ferrol	Ourense	Verín
Fisterra	Pedrafita	Vigo
Lalín	Pontevedra	Vilagarcía
Lugo	Ribadeo	Viveiro
Monforte		

Neste documento inclúese información de predición para localidades xerada polo grupo de predición operativa de MeteoGalicia e información de predición a medio prazo xerada de forma automática a partir dos resultados de modelos numéricos.

A modo xenérico, a referencia ao nome de calquera delas no documento farase co termo *Nome_localidade* e a información pertencente propiamente á estrutura do ficheiro RSS presentarase en formato cursiva.

A información está contida nas dúas etiquetas ou tags principais `<rss><channel>...</channel></rss>`.

Na descrición do resto das etiquetas distinguiremos dous bloques: as etiquetas propias do formato RSS e as que se deberán ter en conta para descargar a información en formato XML

Parámetros que acepta o RSS

A este RSS pódenselle pasar dous parámetros:

- Para o **día de predición**: o parámetro é *dia* e pode ter os seguintes valores:
 - dia=0 → predición para o día en curso
 - dia=1 → predición para mañá
 - dia=2 → predición para pasado mañá
 - dia=3 → predición para o cuarto día. Este día soe estar dispoñible a partir das once da mañá.
 - dia=-1 → predición para todos os días dispoñibles (3 ou 4 dependendo da hora)

- Para a **zona de predición**: o parámetro é *idZona* e pode ter os seguintes valores:

A Coruña.....14	Cuntis.....39	Ferrol.....1	Fisterra.....2	Lalín.....10
Lugo.....5	Monforte.....4	O Barco.....38	Ourense.....8	Pedrafita.....30
Pontevedra.....11	Ribadeo.....6	Santiago.....3	Verín.....9	Vigo.....12
Vilagarcía.....13	Viveiro.....7			
Todas as zonas.....0				

Por exemplo:

- para obter o RSS coa predición para Fisterra para mañá, a ruta será:
<http://www.meteogalicia.es/web/RSS/rssLocalidades.action?idZona=2&dia=1>
- para obter o RSS coa predición para Santiago para todos os días, a ruta será:
<http://www.meteogalicia.es/web/RSS/rssLocalidades.action?idZona=3&dia=-1>

Etiquetas propias do RSS

title: Título do RSS, que neste caso será “Predición de Localidades: *Nome_localidade*”.

link: Enlace á páxina web de MeteoGalicia que amosa a predición da localidade *Nome_localidade*.

description: Contén o *Nome_localidade*.

item: Cada un do grupo de etiquetas contidas entre os etiquetas `<item>...</item>` constitúe o bloque de información referida á predición para un día concreto de *Nome_localidade*. Estes bloques repítense tantas veces como días de predición existan para *Nome_localidade*. O significado de cada unha desas etiquetas é o seguinte:

title: Data da predición.

link: Enlace á páxina web de MeteoGalicia que amosa a predición da localidade *Nome_localidade*.

description: Contén os estilos para amosar o contido do item en formato noticia.

pubDate: Data da publicación.

guid: Enlace á páxina web de MeteoGalicia que amosa a predición da localidade *Nome_localidade*.

dc:date: Data da publicación.

Etiquetas con información da predición de localidades

Están contidas na etiqueta `<item>...</item>` e todas inclúen un atributo *descripcion* coa explicación do seu contido.

localidades:comentario: Comentario xeral da predición para o día e a localidade considerada.

localidades:nomeZona: *Nome_localidade*.

localidades:idZona: Identificador da localidade.

localidades:dataCreacion: Data de creación da predición.

localidades:dataPredicion: Data á que se refire a predición. Ten un atributo *formato*, que indica o formato da data.

localidades:TMax: Temperatura máxima prevista para ese día na localidade considerada.

localidades:TMin: Temperatura mínima prevista para ese día na localidade considerada.

localidades:ceoM: Imaxe representativa do estado do ceo na mañá do día de predición.

localidades:ceoT: Imaxe representativa do estado do ceo na tarde do día de predición.




localidades:ceoN: Imaxe representativa do estado do ceo na noite do día de predición.

localidades:ventoM: Imaxe representativa da dirección e intensidade do vento na mañá do día de predición.

localidades:ventoT: Imaxe representativa da dirección e intensidade do vento na tarde do día de predición.

localidades:ventoN: Imaxe representativa da dirección e intensidade do vento na noite do día de predición.

Os parámetros que reflexan a intensidade e dirección do vento son o resultado de combinar as 8 posibles direccións (norte, nordés, leste, sueste, sur, sudoeste, oeste y noroeste) con 3 posibles intensidades (frouxo, moderado e forte). Todo vai sin acentos gráficos e a unión faise cun guiño baixo. A modo de exemplo, inclúense as de dirección norte coas posibles intensidades:

Dirección /intensidade	Icono
oeste_frouxo	
oeste_moderado	
oeste_forte	
variable	VAR



As posibilidades para as imaxes representativas do estado do ceo son as seguintes:

Valor diurno	Icona	Valor nocturno	Icona
despexado		despexado_n	
nubes_altas		nubes_altas_n	
nubes_e_craros		nubes_e_craros_n	
case_cuberto		case_cuberto_n	
nuboso		nuboso_n	
chubasco		chubasco_n	
chuvia		chuvia_n	
treboada		treboada_n	
neve		neve_n	
orballo		orballo_n	
neboas			



Exemplo dun bloque representativo:

```
<item>
(...)
  <dc:date>2010-04-13T08:41:52Z</dc:date>
  <Localidades:comentario descricion="Comentario de predición">Ceos pouco anubrados, coa chegada
de nubes de tipo alto a partir da tarde. Temperaturas sen cambios significativos. Vento moderado do
nordés durante toda a xornada.</Localidades:comentario>
  <Localidades:nomeZona descricion="Nome da zona">A Coruña</Localidades:nomeZona>
  <Localidades:idZona descricion="Identificador da zona">14</Localidades:idZona>
  <Localidades:dataCreacion>2010-04-13T08:41:52Z</Localidades:dataCreacion>
  <Localidades:dataPrediccion formato="formato dd/MM/yyyy">13/04/2010</Localidades:dataPrediccion>
  <Localidades:TMax descricion="Temperatura máxima">16</Localidades:TMax>
  <Localidades:TMin descricion="Temperatura mínima">10</Localidades:TMin>
  <Localidades:ceoM descricion="Icona do estado do ceo pola mañá">nubes_altas</Localidades:ceoM>
  <Localidades:ceoT descricion="Icona do estado do ceo pola tarde">despexado</Localidades:ceoT>
  <Localidades:ceoN descricion="Icona do estado do ceo pola
noite">nubes_e_craros_n</Localidades:ceoN>
  <Localidades:ventoM descricion="Icona do vento pola mañá">nordes_moderado</Localidades:ventoM>
  <Localidades:ventoT descricion="Icona do vento pola
tarde">nordes_moderado</Localidades:ventoT>
  <Localidades:ventoN descricion="Icona do vento pola
noite">nordes_moderado</Localidades:ventoN>
</item>
```

Etiqueta co comentario xeral da predición de medio prazo

Está contida na etiqueta `<item>...</item>` e inclúe un atributo *descricion* coa explicación do seu contido.

LocMP:comentarioXeral: Comentario xeral da predición de medio prazo

Exemplo dun bloque representativo do comentario xeral de predición de medio prazo:

```
<item>
  <title>Comentario xeral para a predición a medio prazo</title>

  <link>http://www.meteogalicia.es/galego/prediccion/localidades/localidades.asp?idLoc=3</link>
  <description>A partir de mediados desta semana irase recuperando a influencia anticiclónica.
Cara á fin de semana soben as temperaturas, á vez que aumenta a probabilidade de treboadas no
interior.</description>
  <pubDate>Sun, 07 Jun 2009 22:00:00 GMT</pubDate>
  <guid>http://www.meteogalicia.es/galego/prediccion/localidades/localidades.asp?idLoc=3</guid>
  <dc:date>2009-06-07T22:00:00Z</dc:date>
  <LocMP:comentarioXeral descricion="locMP.comentarioXeral=">A partir de mediados desta semana
irase recuperando a influencia anticiclónica. Cara á fin de semana soben as temperaturas, á vez que
aumenta a probabilidade de treboadas no interior.</LocMP:comentarioXeral>

</item>
```

Etiquetas con información da predición de localidades a medio prazo

Están contidas na etiqueta `<item>...</item>` e todas inclúen un atributo *descripcion* coa explicación do seu contido.

locMP:nomeZona: Nome da localidade.

locMP:idZona: Identificador da localidade.

locMP:dataCreacion: Data de creación da predición.

locMP:dataPredicion: Data á que se refire a predición. Ten un atributo *formato*, que indica o formato da data.

LocMP:estadoCeo: Imaxe representativa do estado do ceo do día de predición

LocMP:pCeo: probabilidade do estado do ceo.

locMP:TendenciaTMax: Tendencia da Temperatura máxima prevista para ese día comparada coa do día anterior.






locMP:TendenciaTMin: Tendencia da Temperatura mínima prevista para ese día comparada coa do día anterior.

locMP:pChuvia: Probabilidade en porcentaxe de que chova ese día na localidade considerada.

locMP:tChuvia: Tendencia da chuvia para ese día comparada co día anterior na localidade considerada.

locMP:pVento: Probabilidade en porcentaxe de vento forte para ese día na localidade considerada.

As posibilidades para *LocMP:estadoCeo* son

Valor	Icona
despexado	
nubes_e_craros	
nuboso	
chubasco	
chuvia	

As posibilidades para *TendenciaTMax*, *TendenciaTMin* e *locMP:tChuvia* son:

Valor	Significado
0	A tendencia baixa
1	A tendencia mantense
2	A tendencia sube

As posibilidades para *pChuvia* e *Pvento* son: <10, 10, 20, 30, 40, 50, 60, 70, 80, 90 e >90.



Exemplo dun bloque representativo de predición de medio prazo:

```
<item>
  (...)
<LocMP:idZona descricion="Identificador da zona">14</LocMP:idZona>
  <LocMP:nomeZona descricion="Nome da zona">A Coruña</LocMP:nomeZona>
  <LocMP:dataCreacion>2010-04-12T14:02:00Z</LocMP:dataCreacion>
  <LocMP:dataPredicion formato="formato dd/MM/yyyy">18/04/2010</LocMP:dataPredicion>
  <LocMP:estadoCeo descricion="Icona do estado do ceo">chubasco</LocMP:estadoCeo>
  <LocMP:pCeo descricion="Probabilidade do estado do ceo">70</LocMP:pCeo>
  <LocMP:TendenciaTMax descricion="Temperatura máxima">0</LocMP:TendenciaTMax>
  <LocMP:TendenciaTMin descricion="Temperatura mínima">0</LocMP:TendenciaTMin>
  <LocMP:pChuvia descricion="Probabilidade de chuvia">90</LocMP:pChuvia>
  <LocMP:tChuvia descricion="Tendencia da chuvia">0</LocMP:tChuvia>
  <LocMP:pVento descricion="Probabilidade de vento forte">&lt;10</LocMP:pVento>
</item>
```